



Concello de Vigo

D^a. YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 25 de febreiro de 2021**, adoptou o seguinte acordo:

7.- BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIONS A ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO PARA A REALIZACION DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCION DAS MULLERES DURANTE O EXERCICIO 2021. EXPTE. 10655/224.

Visto o informe xurídico do 21/01/2021 e o informe de fiscalización do 17/02/2021, dáse conta do informe-proposta de data 21/01/2021, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, pola xefa do Servizo de Igualdade, pola concelleira-delegada de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Este expediente recolle as bases reguladoras e a convocatoria específica para a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades sen ánimo de lucro (asociacións de mulleres, asociacións veciñais, sindicais, etc) constituídas legalmente como tales, para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres realizadas desde o 25 de outubro de 2020 ata o 29 de outubro de 2021 (ambos incluídos), e que reúnan os requisitos establecidos nesta convocatoria.

Aínda que as mulleres teñen participado activamente na vida política e social da nosa cidade e país, por diferentes razóns, non están representadas de xeito paritario nin na base nin na dirección das principais organizacións políticas, sindicais, representativas, profesionais, etc.

As demandas específicas das mulleres preséntanse a través do asociacionismo propio. É preciso apoiar este asociacionismo para fomentar a participación feminina en xeral, e especialmente en torno ás propostas de accións positivas que permitirán acadar a igualdade de oportunidades nos diversos ámbitos da sociedade, na prevención e combate da violencia de xénero, a coeducación, a saúde feminina, o empoderamento, a atención á diversidade, a visibilización das achegas das mulleres nos distintos ámbitos, a concienciación e formación en xénero e o fomento da participación social. A presenza social das mulleres e a situación do asociacionismo feminino teñen mellorado na nosa cidade nos últimos anos, mais segue a ser necesario o específico apoio institucional, xa que non se ten acadado a equipotencia social das mulleres.

A esta finalidade da convocatoria refírense os artigos 25 "o" e 72 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 80.2. "k" e "o" da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, que lle impón aos poderes públicos o establecemento de medidas explícitas e accións positivas para acadar a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:27	Páxina 1 de 3
SUBVENCIONS	CSV: ADAE54-BEA28A-AH4746-5FN2MH-HDSY46-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Como normativa específica da Comunidade Autónoma cómpre indicar a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e o Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade.

En relación á finalidade desta convocatoria, valórase a necesidade de regular o procedemento de subvencións que o Concello de Vigo ten contemplado no vixente orzamento, polo cal esta convocatoria vai instrumentar o programa de subvencións a entidades sen fin de lucro que realicen actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2021. Con tal motivo, e no marco das súas competencias, o Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, propón a regulación do acceso ás subvencións a través destas bases, e a tal fin destina un crédito máximo de 91.000,00€ que será efectivo con cargo á partida específica: 2311 4890000 “Promoción da igualdade e do deporte feminino” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade.

A convocatoria destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

En relación ao cumprimento dos procedementos para a concesión en réxime de concorrencia competitiva establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o presente expediente considera os principios recollidos no artigo 20 da citada lei e asemade, recolle os mecanismos establecidos na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia do réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o exercicio 2021; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Polo exposto, e previo o preceptivo informe xurídico e de Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“PRIMEIRO: Aprobar as Bases reguladoras da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2021 que se incorporan ao expediente.

SEGUNDO: Aprobar o texto da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a realización de programas e/ou actividades de promoción das mulleres durante o exercicio 2021, e o extracto da mesma, (incorporados ao expediente) que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, en base ó establecido na Resolución do 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:27	Páxina 2 de 3
SUBVENCIONS	CSV: ADAE54-BEA28A-AH4746-5FN2MH-HDSY46-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Aprobar a autorización de gasto, por importe máximo de 91.000,00€ (noventa e un mil euros), que se imputará con cargo á partida presupostaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*” do orzamento vixente da Concellería de Igualdade, para atender as solicitudes presentadas ao abeiro desta convocatoria”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2024 09:27	Páxina 3 de 3
SUBVENCIONS	CSV: ADAE54-BEA28A-AH4746-5FN2MH-HDSY46-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		